



asociación pola defensa da ría


SOTERRAMENTO DA LIÑA ELÉCTRICA DE MONTE PORREIRO PERO APLICANDO O PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN.

Agora, que se reaviva o debate e as posibilidades de acordo para desenvolver dito soterramento demandado pola veciñanza de Monteporreiro, queremos matizar algunhas cuestións ao respecto na mesma liña que fixemos en 2010.

A demanda de soterramento naceu da necesidade de protexer a saúde da poboación, na procura da diminución do nivel de exposición á contaminación electromagnética. Xa en marzo de 2011, Javier Guerra, o Conselleiro de Economía e Industria da época¹ recoñeceu a necesidade desta intervención en Monteporreiro “**para loitar contra a contaminación eléctrica e o feísmo**”.

Neste sentido, **os soterramentos das liñas de alta tensión só serán eficaces se son quen de rebaixar a exposición ata niveis biolóxicamente admisíbeis de contaminación.**

... **Pero en base a que límites?** Chegados a este punto, convén lembrar que os “obsoletos” límites legais de exposición actuais aos campos electromagnéticos en xeral, non so foron cuestionados, solicitando a súa redución, en declaracións do Parlamento Europeo (2008 e 2009), da Axencia Europea de Medio Ambiente desde 2007 e da Asemblea Parlamentar do Consello de Europa (2011), se non que, en concreto, as moi baixas frecuencias das liñas de alta tensión, transformadores e subestacións, clasificadas como posíbel carcinóxeno (grupo 2b) pola IARC/OMS no 2001, xa deberían considerarse, cos criterios da OMS, como carcinóxeno para o ser humano (grupo 1) segundo as conclusións do Informe BioInitiative en 2012² (revisión actualmente de máis de 4.200 estudos científicos sobre campos electromagnéticos que solicita rebaixar o límite de exposición a 0.1 microteslas). O propio proxecto ARIMMORA³ fundado pola Comisión Europea e patrocinado por grandes empresas do sector eléctrico e das telecomunicacións adiantou en 2015 observar unha relación entre a exposición a 0.3 microteslas (valor **99,7 inferior ao límite legal**) e o aumento do risco de leucemia infantil e fala da necesidade de “medidas razoables para prever o minimizar a exposición”.



Non podemos esquecer que as prácticas convencionais do soterramento das liñas de alta tensión a 1-2 metros do chan, non protexen en si mesmas xa que aumentan os niveis de



asociación pola defensa da ría

exposición desta contaminación ambiental (o pico de campo magnético máximo) na súa liña vertical⁴, como lembrou o Dr. Ceferino Maestu (Director do Laboratorio de Bioelectromagnetismo do Centro de Tecnoloxía Biomédica da Universidade Politécnica de Madrid) á veciñanza de Pontevedra en 2009 (invitado por organizacións como a APDR e a Federación veciñal Castelao) e á veciñanza de Bértola (invitado polo Concello de Vilaboia).




Figura 3.8 Campo magnético en liña enterrada y equivalente aérea (modificada de [a])

Ante a indefensión actual dos límites de exposición da normativa estatal é necesario e urxente un cambio da normativa galega e municipal nos regulamentos de liñas de alta tensión, subestacións e transformadores baseados nos principios de precaución e ALARA/ARATA (a mínima emisión razoábel e tecnicamente posíbel). Xa contamos con precedentes normativos máis proteccionistas noutros países e no propio estado español, a nivel municipal (Jumilla⁵) e autonómico (Castela e León⁶).

A APDR aposta por aplicar as recomendacións proteccionistas incumpridas da **Resolución 1815 da Asemblea do Consello de Europa**⁷, recollidas no **Manifesto Europeo por unha regulación da exposición aos campos electromagnéticos (CEM) que protexa realmente a saúde pública**⁸.

A xunta directiva da APDR, Pontevedra 21 de marzo de 2017

¹ Ver declaración de Javier Guerra en: <http://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/010765/javier-guerra-reactiva-soterramento-lina-alta-tension-barrio-pontevedres-monte> e <http://diariodepontevedra.galiciae.com/noticia/91481/industria-reactiva-el-soterramiento-de-la-linia-de-alta-tension-de-monte-porreiro>

² “Hai evidencias suficientes de estudos epidemiolóxicos dun aumento do risco [da leucemia infantil] pola exposición aos CEM (CEM de frecuencia da rede de alimentación eléctrica) que non se pode atribuír á casualidade, a nesga ou a confusión. Polo tanto, de acordo coas regras da IARC tales exposicións poden ser clasificadas como un carcinóxeno no Grupo 1 (carcinóxeno coñecido)”. Ver Táboa 1-1 das conclusións da actualización do 2012 do Informe Bioinitiative: http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/bioinitiative/2012/section_1_table_1_Bioinitiative2012_gal.pdf
Ver Informe Bioinitiative en: www.bioinitiative.org/

³ Report on awareness and wider societal implications. Advanced Research on Interaction Mechanisms of electroMagnetic exposures with Organisms for Risk Assessment. 15.04.2015. Ver en: http://arimmora-fp7.eu/uploads/Deliverable_10.18_Final.pdf



asociación pola defensa da ría

⁴ Nas liñas soterradas “tan só 1 m por baixo do chan” o campo magnético redúcese nos laterais do condutor (en comparación cos valores dunha liña aérea), pero, pode ser maior pola zona onde a liña vai soterrada”. **Desta maneira temos que nunha poboación o campo magnético da liña soterrada pode estar máis próxima dos sitios habitados que no caso da liña aérea (de por exemplo, 10 metros por enriba do chan).** Ver figura 3.8 [enriba], mostrando o comentado, en “*Efectos sobre la salud humana de los campos magnéticos y eléctricos de muy baja frecuencia (ELF)*” (grupo de investigación PRINIA, Universidad de Córdoba. Junta de Andalucía, 2010) en:

http://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/1_2044_efectos_salud_campos_magneticos_y_electricos_elf.pdf

⁵ Ver normas urbanísticas del Plan General Municipal de Ordenación de Jumilla en <http://www.borm.es/borm/documento?obj=bol&id=11833>

⁶ “As novas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica en alta tensión e as novas subestacións transformadoras deberán respectar unha distancia ás construcións e instalacións con ocupación humana permanente, de 0,5 metros por cada kilovoltio de tensión, medidos en liña recta desde a proxección do eixe dos cables á superficie, cun mínimo de 5 metros.». Apartado 6 do artigo 18 do Regulamento de Urbanismo de Castela e León, introducido mediante o Decreto 6/2016, de 3 de marzo: <http://bocyl.jcyl.es/boletines/2016/03/04/pdf/BOCYL-D-04032016-1.pdf>

⁷ http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones_Europeas/Resolucion.A.P.Consello.Europa.27.05.11.pdf

⁸ O “**Manifiesto Europeo por unha regulación da exposición aos campos electromagnéticos (CEM) que protexa realmente a saúde**” propón no seu punto 2: “**REVISAR E MINIMIZAR OS LÍMITES DE EXPOSICIÓN (INMISIÓN) AOS CEM, COA CORRESPONDENTE MONITORIZACIÓN DO SEU CUMPLIMENTO**, en base ao coñecemento dos efectos biolóxicos (térmicos e non térmicos) e os efectos adversos para a saúde, tal e como se solicita nos puntos 8.1.1 e 8.1.2 da Resolución APCE 1815 e as distintas declaracións da Axencia Europea de Medio Ambiente, en base ao Informe BioInitiative e á monografía ICEMS do 2010 sobre os efectos non térmicos dos campos electromagnéticos, e as Resolucións da ICEMS dende 2002” que no caso dos **campos electromagnéticos de frecuencia extremadamente baixa (CEM-FEB/ ELF-EMF) supón: “1 mG -miligauss- (0.1 µT -microtesla-) en espazos habitábeis como límite de exposición máximo aos CEM de FEB/ EMF-ELF da rede eléctrica (liñas de alta tensión, subestacións, transformadores,...)**, que se garante cunha planificación urbana dunha distancia de seguridade das zonas habitadas de 1 m por cada Quilovoltio de tensión nominal xa contemplada nalgúns normativas, na liña recomendada polos puntos 8.4.1 y 8.4.2 da Resolución APCE 1815, e os puntos 8 e 26 da Resolución do Parlamento Europeo P6_TA(2009)0216 (“para reducir ao máximo a exposición dos residentes no caso de extensión dunha rede de liñas eléctricas de alta tensión”), en base á bibliografía científica avalada pola AEMA para a APCE en 2011 e a recomendación do Panel científico de Seletun 2009 ...”. Ver Manifiesto en: http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/Campanas/ICE2013/GAL_MANIFESTO_EUROPEO_DE_APOIO_A_ICE.pdf . Ver asinantes do manifiesto: http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/Campanas/ICE2013/SignatoriesManifiestoECI_EMF_June-2016.pdf

Para máis información sobre os antecedentes dos “**impactos ambientais das liñas e infraestruturas eléctricas**” ver informe de Ecoloxistas en Acción: <http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Artigos/articuloaltension.pdf>